

NOTA INFORMATIVA:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicita praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- Alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- Alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- Enténdese por familia **monoparental** a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.⁸

Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas. A efectos da certificación de recoñecemento infórmolle que debe ser solicitada ao seguinte servizo:

Dirección Xeral de Familia e dinamización demográfica
Subdirección Xeral de Política familiar
Servizo de protección de menores
San Caetano
[881999011](tel:881999011)
- Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas

435 (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2018; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020.

- Na valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculados en centros educativos públicos, consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior .

- O centro adscrito ao CEIP Rosalía de Castro é o IES Monte da Vila

- Servizos complementarios ofrecidos polo centro: **Comedor Escolar**